

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 1 de abril de 2026 pola que se lle dá publicidade ao esgotamento de crédito destinado á concesión das axudas para atracción de empresas a Galicia para o ano 2025, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, convocadas pola Resolución do 11 de decembro de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 13 de xaneiro de 2025) (código de procedemento IG408H).

Primeiro. A Resolución do 11 de decembro de 2024 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para atracción de empresas a Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, establece que as axudas se outorgarán por orde de entrada de solicitudes completas ata o esgotamento do crédito, do que se dará a correspondente publicidade.

Segundo. O crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7700 para a concesión de axudas era de 12.000.000 de euros.

En virtude do anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do esgotamento do crédito con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7700 para a concesión de axudas ao abeiro da Resolución do 11 de decembro de 2024 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para atracción de empresas a Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Segundo. A derradeira solicitude de axuda completa concedida antes do esgotamento do crédito presentouse o 12 de febreiro de 2025 ás 10.27.35 horas, expediente IG408H-2025-000-000056.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

